

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 15 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"7.- Convenios.**

**7.1.- Compromiso de colaboración para estancia formativa de prácticas formativas non laborais no marco do proxecto EMPRURAL. (CONV. 20/2019). Aprobación.**

*Foi recibido no concello de Carballo, rexistro de entrada nº 5353/2019 de 3 de xullo, documento de compromiso de colaboración para estancia formativa de prácticas formativas non laborais no marco do proxecto EMPRURA*

*Dito compromiso ten por obxecto a estancia formativa do participante DAVID G\*\* L\*\*, con DNI: \*\*\*7304\*\*, participante no proxecto EMPRURAL en calidade de prácticas dende o día 1 de xullo de 2019 e ata o día 30 de setembro de 2019.*

*Vista a proposta do Sr. Alcalde, no expte. 2019/A006/000020, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:*

**Primeiro.-** Aprobado o compromiso de colaboración para estancia formativa de prácticas formativas non laborais no marco do proxecto EMPRURAL, cuxa cláusula se transcribe:

«Cláusulas:

- Primeira.-** O participante que figura no presente compromiso desenvolverá as actividades formativas programadas nos locais do centro de traballo ou, de ser o caso, naqueles lugares nos que a empresa titular do centro de traballo desenvolve a súa actividade produtiva, sen que isto implique relación laboral nin contractual ningunha coa empresa.
- Segunda.-** A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro de envío, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do participante, e, xunto co titor do centro de envío, á revisión da programación se for necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.
- Terceira.-** Cada participante disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable da empresa en colaboración co titor do centro de envío. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas na empresa, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable na empresa.
- Cuarta.-** A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e consulta do participante, facilitará as relacións co/a titor/a do centro de envío e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao/a titor/a do centro de envío o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.
- Quinta.-** A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co participante que realice actividades formativas non laborais na empresa.
- Sexta.-** O participante non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.
- Sétima.-** O presente compromiso poderase extinguir por finalización do tempo convidado e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar ás outras cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:
- Cesamento de actividades do centro de envío, da empresa ou da institución colaboradora.
  - Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
  - Incumprimento das cláusulas establecidas neste compromiso de colaboración, inadecuación das prácticas formativas, ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/A006/000020  
Exp. 2019/G006/000354

• *Mutuo acordo entre o centro de envío, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora. Igualmente, poderase rescindir para un participante, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no proxecto por decisión unilateral do centro, da empresa ou institución colaboradora, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:*

- *Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.*
- *Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada. En calquera caso, o centro de envío deberá informar á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da extinción ou rescisión dos compromisos específicos de colaboración en calquera dos casos. Así mesmo, os representantes dos traballadores dos centros de traballo serán informados do contido deste compromiso de colaboración.*

**Oitava.-** *Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola póliza asinada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado así como para cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil (nº póliza: DA C30 0000349).*

**Novena.-** *En todo momento, o participante levará consigo o seu DNI.*

**Décima.-** *A duración deste compromiso é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable e so válido para este proxecto e neste tempo.»*

**Segundo.-** *O Sr. Alcalde asinará o devandito compromiso e dictará as ordes oportunas para a súa execución.”*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde